

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BOIRO

*Anuncio de aprobación definitiva do Regulamento xeral do servizo municipal de subministración de auga potable do Concello de Boiro*

En virtude de Decreto ditado por esta Alcaldía-Presidencia no día de hoxe foi elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión de data 29 DE ABRIL DE 2013 relativo á aprobación inicial do EXPEDIENTE DO REGULAMENTO XERAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE BOIRO toda vez que, rematado o prazo de 30 días hábiles de exposición pública do expediente, non foron presentadas reclamacións ao expediente, motivo polo que, de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, se procede á publicación íntegra do Regulamento xeral do servizo municipal de subministración de auga potable do Concello de Boiro.

#### REGULAMENTO XERAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE BOIRO

##### INDICE

##### CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

- Artigo 1.- Obxecto.
- Artigo 2.- Ámbito de aplicación.
- Artigo 3.- Convenios.
- Artigo 4.- Normas Xerais e complementarias.
- Artigo 5.- Suxeito pasivo; contribuínte e substituto do contribuínte.
- Artigo 6.- Carácter obrigatorio do servizo.
- Artigo 7.- Modalidades de uso dos servizos

##### CAPÍTULO II.- OBRIGAS E DEREITOS DO CONCELLO E DOS ABONADOS.

- Artigo 8.- Obrigas do Concello.
- Artigo 9.- Prerrogativas do Concello.
- Artigo 10.- Obrigas do abonado.
- Artigo 11.- Dereitos do abonado.
- Artigo 12.- Actuacións prohibidas.

##### CAPÍTULO III.- CONTRATOS DA SUBMINISTRACIÓN.

- Artigo 13.- Solicitudade da subministración.
- Artigo 14.- Contrato de subministración.
- Artigo 15.- Causa de negación do contrato.
- Artigo 16.- Obxecto e alcance do contrato.
- Artigo 17.- Duración do contrato.
- Artigo 18.- Causas de suspensión da subministración.
- Artigo 19.- Procedemento de suspensión.
- Artigo 20.- Rescisión do contrato

##### CAPÍTULO IV.- CONDICIÓNS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE.

- Artigo 21.- Carácter da subministración.
- Artigo 22.- Esixibilidade da subministración

Artigo 23.- Continuidade do servizo.

Artigo 24.- Suspensións temporais e restricións do servizo.

Artigo 25.- Reservas de auga.

Artigo 26- Subministración para servizo contra incendios.

#### CAPÍTULO V.- INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

Artigo 27.- Rede de distribución.

Artigo 28.- Arteria.

Artigo 29.- Conducións varias.

Artigo 30.- Acometidas.

Artigo 31.- Instalacións interiores

#### CAPÍTULO VI.- ACOMETIDAS A EDIFICACIÓNS DE VIVENDA PLURIFAMILIAR.

Artigo 32.- Concesión das acometidas.

Artigo 33.- Características das acometidas.

Artigo 34.- Tramitación das solicitudes

Artigo 35- Execución e conservación.

Artigo 36.- Dereito de Acometida e gastos de materiais.

Artigo 37.- Construción de novas edificacións.

Artigo 38.- Subministración provisional para obras.

#### CAPÍTULO VII.- INSTALACIÓNS INTERIORES.

Artigo 39.- Condicións Xerais

Artigo 40.- Facultade de inspección.

Artigo 41.- Instalacións interiores inseguras.

Artigo 42.- Modificación das instalacións interiores.

#### CAPÍTULO VIII.- EQUIPOS DE MEDIDA.

Artigo 43.- Obrigatoriedade do uso.

Artigo 44.- Características técnicas dos aparatos de medida.

Artigo 45.- Situación dos contadores

Artigo 46.- Dimensionamento do contador.

Artigo 47.- Verificación e precintado

Artigo 48.- Colocación e retirada de contadores.

Artigo 49.- Ámbito de emprazamento.

Artigo 50.- Manipulación do contador.

#### CAPÍTULO IX.- LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓNS.

Artigo 51.- Lectura de contadores.

Artigo 52.- Cálculo da subministración.

Artigo 53.- Facturación.

Artigo 54.- Recibos.

#### CAPÍTULO X.- FRAUDES, SANCIÓN, RESPONSABLES DAS INFRACCIÓNS E LIQUIDACIÓNS DE SALDOS.

Artigo 55.- Fraudes, infraccións e sancións na subministración de auga potable.

Artigo 56- Actuación por anomalías.

Artigo 57.- Liquidación de saldos.

Artigo 58.- Responsables das infraccións

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA****DISPOSICIÓN FINAL****ANEXO: MODELO DE CONTRATO****CAPÍTULO I****NORMAS XERAIS****Artigo 1.- Obxecto.**

O presente Regulamento ten por obxecto regular as relacións derivadas do servizo de subministración de auga potable entre o Concello de Boiro e os seus abonados, determinando os dereitos e obrigas básicas de cada unha das partes.

Este regulamento apróbase no marco das atribucións que nesta materia lle son propias ó concello, en virtude do previsto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, da Lei 7/1985, do 4 de abril, Reguladora das bases do réxime local, da Lei 5/1997, do 5 de xullo, da Administración local de Galicia, e demais normativa que resulte de xeral aplicación.

**Artigo 2.- Ámbito de aplicación.**

A presente regulación será de obrigado cumprimento na totalidade da rede municipal, entendendo por tal toda aquela cuxa titularidade corresponda lle ó Concello de Boiro.

**Artigo 3.- Convenios.**

En determinadas ocasións o Concello de Boiro, previo acordo da Xunta de Goberno Local, poderá convir con Comunidades de Montes, de veciños ou similares, a realización de obras de instalación de novas redes de distribución de auga potable. Na sinatura do convenio estableceranse tódalas singularidades do mesmo, tendo en conta os informes do Servizo Municipal de Augas e seguindo a directrices básicas do presente Regulamento.

**Artigo 4.- Normas xerais e complementarias.**

Ademais da normativa citada no artigo 1, a subministración domiciliario de auga potable axustarase a canto estableza o presente Regulamento. En materia tributaria e de recadación rexerese polo establecido na Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación, Ordenanzas Fiscais Municipais e demais disposicións de pertinente aplicación.

Os procedementos tramitados para o coñecemento dos feitos constitutivos de infracción neste Regulamento, serán os establecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei Xeral Tributaria, na Lei Reguladora das Facendas Locais, nas Ordenanzas Municipais e nas demais disposicións de pertinente aplicación.

Asemade, en temas de aplicación deste Regulamento, estarase o disposto do que establece o Código Técnico da Edificación (RD 314/2006), o Texto Refundido da Lei de Augas (RD Lexislativo 1/2001), a Lei Reguladora da Administración Hidráulica de Galicia e demais disposicións de posible aplicación.

**Artigo 5.- Suxeito pasivo; contribuínte e substituto do contribuínte:**

É suxeito pasivo o obrigado tributario que, segundo a lei, debe cumprir a obriga tributaria principal, así coma as obrigas formais inherentes, sexa coma contribuínte ou coma o seu substituto. Non perderá a condición de suxeito pasivo quen deba repercutir a cota tributaria a outros obrigados, salvo que a lei de cada tributo dispoña outra cousa.

É contribuínte, o suxeito pasivo que realice o feito impositivo.

É substituto o suxeito pasivo que, por imposición da lei e en lugar do contribuínte, está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así coma as obrigas formais inherentes a ela.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas, salvo que a lei sinala outra cousa.

Será o substituto do contribuínte o que figure coma titular do contrato asinado co Concello de Boiro.

**Artigo 6.- Carácter obrigatorio do servizo.****1.- Prestación polo Concello:**

O Concello outorgará a subministración de auga potable que sexa solicitada polos interesados nas condicións que establece este Regulamento.

**2.- Recepción obrigatoria polos administrados:**

A efectos do disposto na vixente lexislación, establécese coma requisito esencial de toda urbanización a instalación ou conexión á rede xeral do servizo de auga potable. En consecuencia, non se concederán licenzas municipais para edificar se nos correspondentes proxectos de obra que se sometan á Administración Municipal non consta a instalación ou conexión coa rede xeral de subministración coas garantías necesarias.

#### **Artigo 7.- Modalidade de uso dos servizos.**

O uso doméstico é aquel que se realiza polos abonados para consumo propio en vivendas.

O uso comercial ou industrial é aquel que se efectúa para abastecemento de locais de negocio, industria ou servizos para cuxo exercicio se precise o alta no IAE (Imposto Sobre Actividades Económicas).

O uso para construcións de obras é aquel que se destina á atención das necesidades de construción ou reforma, e, en xeral de calquera clase de obras. Concederanse previa presentación da licenza municipal de obras.

O uso contra incendios, é aquel subministración concedido exclusivamente para abastecer ás instalacións destinadas á extinción de incendios.

Usos para servizos especiais, son aqueles que, estando destinados a cubrir necesidades de calquera tipo, teñan carácter esporádico e/ou transitorio.

### **Capítulo II**

#### **OBRIGAS E DEREITOS DO CONCELLO E DOS ABONADOS**

##### **Artigo 8.- Obrigas do Concello.**

1.- Obrigas da subministración: Dentro do termo Municipal e nas zonas nas que se atope instalada a rede municipal de distribución, o Concello de Boiro ten a obriga de subministrar auga potable para uso doméstico, con arranxo ás condicións que fixa este Regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación. A concesión de subministración de carácter industrial, comercial, agrícola, gandeiro ou de recreo terán carácter potestativo e estará supeditada ás posibilidades de dotación de auga coa que conte en cada momento o Concello.

2.- Conservación das instalacións e garantir a potabilidade da auga: O Concello de Boiro está obrigado a manter e conservar o seu cargo, as redes e instalacións necesarias para o abastecemento de auga potable, así coma as acometidas hasta a chave do rexistro que contempla o apartado C) do artigo 30. Asemade, debe garantir a potabilidade da auga en toda a rede de titularidade municipal con arranxo ás disposicións sanitarias vixentes.

3.- Regularidade na prestación dos servizos: O Servizo Municipal de Augas do Concello de Boiro, estará obrigado a manter a regularidade na subministración de auga potable.

En calquera caso, non lle serán imputables as interrupcións de estes servizos nos supostos indicados neste Regulamento.

4.- Comunicar ós abonados a interrupción do abastecemento: O Concello de Boiro deberá dar aviso ós abonados polo procedemento que se estime oportuno de calquera interrupción ou alteración que se produza na prestación do mesmo.

No referente ó disposto no parágrafo anterior, poderá interrompelo ou reduci-lo transitoriamente, sen previo aviso ou responsabilidade algunha pola súa parte, cando o seu xuízo así o aconselle o interese xeral ou por causa de forza maior alleo a súa bondade.

Os cortes de auga por tarefas de conservación e mantemento ou outros motivos non darán lugar, en ningún caso, a indemnización.

##### **Artigo 9.- Prerrogativas do Concello.**

Sen prexuízo de aquelas outras que en relación con situacións específicas podan derivarse, o Concello, con carácter xeral, terá as seguintes prerrogativas:

1º. Inspección de instalacións interiores: O Concello de Boiro a través do persoal do Servizo de Augas, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente confira ós distintos órganos da Administración Pública, asístelle o dereito a inspeccionar, revisar e intervir, coas limitacións que se establecen neste Regulamento, as instalacións interiores da subministración que, por calquera causa, se atopen ou poidan atoparse en servizo ou uso.

2º.- Cobros por facturación: Ó Concello de Boiro asístelle o dereito a percibir o importe das facturacións ou cargos que, regulamentariamente lle formule ó abonado.

##### **Artigo 10.- Obrigas do abonado.**

Con independencia de aquelas situacións que sexan obxecto dunha regulación especial deste mesmo Regulamento, das que poidan derivarse obrigas específicas para un abonado, estes terán, con carácter xeral, as obrigas seguintes:

1º Pagos de recibos: En reciprocidade ás prestacións que recibe, todo abonado virá obrigado o pagos dos recibos aprobados en todo momento polo concello, así coma aqueles outros derivados dos servizos específicos que reciba.

En canto ós consumos de auga potable se refire, esta obrigatoriedade de pago considerárase extensiva ós casos que os mesmos se orixinasen por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores.

2º Conservacións das instalacións: Sen prexuízo de canto o efecto establecen as Normas Básicas para Instalacións Interiores de Subministración de Auga, todo abonado deberá utilizar de forma correcta as instalacións o seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma máis adecuada, e evitando o retorno á rede de posibles augas contaminantes, mantendo, ademais, intacto os precintos que garantan a non manipulación do contador e instalacións de acometidas, no seu caso; así coma as condicións idóneas para a toma das lecturas do mesmo.

Deberá, ademais, repara-las instalacións que sexan da súa responsabilidade.

3º Facilidades para as inspeccións: Permitir a entrada a persoal autorizado polo Concello de Boiro que así o acredite, a fin de que poida efectuar cantas comprobacións que se atopen relacionadas coa subministración. Asemade, está obrigado a ceder ó Servizo Municipal de Auga, o uso dos locais, recintos ou arquetas necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados que de el dependan.

4º Derivacións a terceiros: Os abonados no poderán, baixo ningún concepto, ceder de xeito gratuíto ou remunerado a auga potable a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsable de toda defraudación que se produzan na súa subministración, ben por si ou por calquera outra persoa que de el dependa.

5º Usos e alcance da subministración: Os abonados están obrigados a utilizar a auga potable subministrada na forma e para os usos contratados.

Asemade, está obrigado a solicitar o Concello a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións, que implique un aumento nos caudais contratados de subministración ou modificación do número de receptores.

6º Notificación de baixa: O abonado que desexe causar baixa na subministración estará obrigado a notificar por escrito – presentación no Rexistro Xeral do Concello – dita baixa cun mes de antelación. A baixa terá efecto dende o trimestre seguinte o que se solicitou.

O persoal municipal do Servizo de Augas, será o encargado de realizar o corte da subministración na rede xeral, non podendo realizalo corte nin instaladores profesionais nin particulares.

7º Independencia de instalacións: Cando nunha mesma propiedade exista xunto a auga potable de distribución municipal, auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sen que exista posibilidade de que se xunten as augas dunha ou outra procedencia.

#### **Artigo 11.- Dereitos do abonado.**

Sen prexuízo de aqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse para os abonados, estes, con carácter xeral terán os seguintes dereitos:

1º Potabilidade da auga: A recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

2º Servizo permanente: A disposición permanente da subministración de auga potable, con arranxo ás condicións que se sinalen no seu contrato, sen outras limitacións que as establecidas no presente Regulamento e demais disposicións aplicables.

3º Facturación: A que os recibos que reciba, se lle facturen polos conceptos e importes vixentes en cada momento.

4º Periodicidade de lectura: A que se lle tome, polo Servizo Municipal de Augas, a lectura o equipo de medida que controle a subministración cunha frecuencia non superior a seis meses.

5º Periodicidade de facturación: A que se lle formule a factura dos servizos que reciban, cunha periodicidade de tres meses.

6º Execución das instalacións interiores: Os abonados poderán elixir libremente o instalador autorizado que execute as instalacións interiores, así coma o provedor do material, que deberá axustarse ás prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.

#### **Artigo 12.- Actuacións prohibidas.**

O abonado non poderá realizar as seguintes actuacións:

a) Realizar consumos de auga potable sen ser controlados por contador.

- b) Manipular ou modificar a instalación ou o contador sen a autorización do Concello.
- c) Romper ou alterar os precintos do contador.
- d) Acometer á rede pública de subministración de auga, outras fontes de alimentación de auga.
- e) Realizar consumos na rede de incendios para outro fin distinto deste.

### Capítulo III

#### CONTRATOS DA SUBMINISTRACIÓN

##### Artigo 13.- Solicitud de subministración.

Para a contratación da subministración, o peticionario deberá presentar unha solicitude no Rexistro Xeral do Concello, no impreso que a tal efecto proporcionará o Servizo Municipal de Augas.

Nel farase constar o nome do solicitante, uso e destino que pretende dárselle a auga potable solicitada, propiedade a que se destina e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición das características e condicións da subministración, así coma para a aplicación das tarifas correspondentes á prestación do servizo. Na solicitude farase constar, igualmente, o enderezo onde deben dirixirse as comunicacións, cando non sexa o mesmo ó que se destine a subministración.

Á solicitude de subministración, o peticionario acompañaralle a seguinte documentación:

- a) Licenza de Primeira Ocupación (FOTOCOPIA).
- b) Escritura de propiedade ou contrato de compravenda. (FOTOCOPIA).
- c) Documento que acredite a personalidade do contratante (CIF). (FOTOCOPIA).
- d) Número de conta bancaria (20 díxitos).
- e) Licenza de obras, para solicitudes de acometidas de obra nova ou reforma (FOTOCOPIA).
- f)

##### Artigo 14.- Contrato da subministración.

1º.- Contratos de obra nova, reformas, vivendas unifamiliares ou outras: A partires da solicitude dunha subministración, o Servizo Municipal de Augas, informarán aquelas solicitudes de obra nova, reforma, vivendas unifamiliares ou outras, comunicando ós Servizos Económicos do Concello das condicións técnico económicas para realizar o mesmo, no prazo máximo de 15 días hábiles.

O solicitante unha vez informado das condicións técnico económicas, disporá dun prazo de 30 días para a formalización do contrato e do pagamento das taxas establecidas. Transcorrido ese prazo sen que se formalice, entenderase decaída a solicitude.

O contrato de subministración estará autorizado polo Concelleiro Delegado de Augas, previa conformidade do Servizo Municipal de Augas.

Unha vez pagados os dereitos e cumprimentados os requisitos correspondentes por parte do solicitante, o Servizo Municipal de Augas estará obrigado á posta en servizo da instalación da acometida e subministración nun prazo establecido de 15 días hábiles a partires da data de contratación e pagamento.

A demora na concesión das autorizacións ou permisos necesarios para a realización dos traballos, levará consigo a interrupción do prazo sinalado no prazo anterior. Tal atraso será informado o peticionario por parte do Servizo Municipal de Augas.

2º.- Contratos para vivendas plurifamiliares ou locais comerciais: A partires da solicitude dunha subministración, o Servizo Municipal de Auga revisará toda a documentación presentada e as instalacións executadas. Se todo se atopa en regra, pasarase á firma do Concelleiro Delegado de Augas, para dar a súa conformidade e así poder asinar o contrato, previo pago das tarifas correspondentes ós dereitos e que figuraran recollidos nas Ordenanzas Fiscais da Taxa de subministración de Augas.

O solicitante unha vez informado da conformidade do contrato e das condicións económicas, disporá dun prazo de 30 días para a formalización do mesmo e do pagamento das taxas establecidas. Transcorrido ese prazo sen que se formalice, entenderase decaída a solicitude.

O contrato de subministración será o único documento que dará fe da concesión do mesmo, e xunto ás condicións establecidas no presente Regulamento, regulará as relacións entre o Servizo Municipal de Augas e o abonado. O contrato

formalizarse por escrito e por duplicado, debendo entregarlle un exemplar cumprimentado o abonado, e estará autorizado polo Concelleiro Delegado de Augas ou por persoa que designe.

Os contratos estableceranse para cada tipo de subministración, sendo, por tanto, obrigatorio estender contratos separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

#### **Artigo 15.- Causas de negación do contrato.**

A facultade de concesión de subministración de auga potable correspóndelle o Concelleiro Delegado de Augas, en base o informe elaborado polo Servizo Municipal de Augas, coa suxeición ás normas regulamentarias vixentes.

Poderá denegarse a contratación de subministración nos seguintes casos:

a) Cando o solicitante da subministración se negue a asinar o contrato estendido de acordo co modelo autorizado e coa disposicións vixentes sobre contratación de subministración de auga potable, ou cando non presente a documentación preceptiva ou non efectúe os pagos correspondentes de dereitos de enganche.

b) Cando na instalación do petionario non se cumpran, a xuízo do Servizo Municipal de Augas as prescricións que con carácter xeral establece a normativa vixente. Neste caso o Servizo Municipal de Augas sinalará os defectos atopados ó petionario, para que os corrixa, remitindo, en caso de discrepancia, comunicación dos reparos formulados ó organismo competente, quen logo das actuacións que considere oportunas e, en todo caso, despois de oír o instalador, ditará a resolución que proceda no prazo máximo de 30 días.

c) Cando non dispoña das acometidas para a subministración de auga ou non conte coa autorización de vertido para as augas residuais, industriais ou pluviais.

d) Cando se comprobe que o petionario deixou de satisfacer o importe da subministración de auga potable en calquera contrato anterior. Estudarse a posibilidade de concederllo cando se poña o día coa Facenda Local, realizando o pagamento das débedas tributarias. Esta decisión será adoptada polo Servizo Municipal de Augas.

e) Cando para o local para o que se solicita a subministración exista outro contrato de subministración anterior en vigor.

f) Cando por falecemento do abonado, os herdeiros ou cónxuxe non comuniquen, no prazo dun ano dende a data de falecemento, o cambio de titularidade do contrato. Para poder realizarse dito cambio as facturacións deberanse atopar o día. A partires dos 12 meses, será o Servizo Municipal de Augas quen decida se procede o cambio ou pola contra indicará a obrigar de solicitar un novo.

#### **Artigo 16.- Obxecto e alcance do contrato.**

Os contratos da subministración de auga potable, formularanse para cada vivenda, piso, local, industria ou obra que constituía unha unidade independente.

Cada subministración quedará adscrita para os fins que se concedeu, quedando prohibida para outros fins ou modificar o seu alcance, para o que, en calquera momento, será necesaria unha nova solicitude, no seu caso, ou contrato conseguinte.

#### **Artigo 17.- Duración do contrato.**

O contrato da subministración subscribirase por tempo indefinido, salvo estipulación expresa con outro carácter. Sen embargo, o abonado poderá dalo por rematado en calquera momento, sempre que comunique esta decisión por escrito cun mes de antelación.

#### **Artigo 18.- Causas de suspensión da subministración.**

O concello poderá, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais, suspender a subministración ós seus abonados ou usuarios nos seguintes casos:

1º.- Pola falla de pagamento das facturacións, poderase proceder o corte da subministración, sen prexuízo do inicio da vía executiva para acadar o seu cobro.

2º.- Cando un usuario goce de subministración sen contrato escrito o seu nome que o ampare e que se negue a súa formalización a requirimento do Servizo Municipal de Augas.

3º.- Por falla de pagamento, no prazo de 15 días hábiles contados a partires da data da comunicación, das cantidades resultantes da liquidación firme de fraude ou no caso probado, de reincidencia de fraude.

4º.- En tódolos casos nos que o abonado faga uso da auga potable que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.

5º.- Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga potable para outras fincas, locais ou vivendas diferentes os asignados no seu contrato de subministración.

6º.- Cando polo persoal do Servizo Municipal de Augas se atopen derivacións nas súas redes con consumo de auga potable sen contrato algún, e dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso poderá o Servizo Municipal de Augas, efectuar o corte inmediato da subministración de auga en tales derivacións.

7º.- Cando o abonado non permita a entrada no local o que afecta a subministración contratado, en horas hábiles ou de normal relación con exterior o persoal que, autorizado polo Concello e provisto da súa correspondente acreditación de identidade, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, a que por parte do Servizo Municipal de Augas se levante acta dos feitos, que deberá remitir o Organismo Competente mediante informe, xuntamente coa solicitude de suspensión de subministración.

8º.- Cando o abonado non cumpra, en calquera dos seus aspectos, o contrato que teña establecido ou as condicións xerais de utilización do servizo.

9º.- Cando na subministración na que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores puidera afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, ata que, polos abonados, se tomen as medidas oportunas en eludir tales situacións; en tal caso o Servizo Municipal de Auga poderá realizar o corte inmediato da subministración.

10.- Pola negativa do abonado a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior, cando fose preciso para cambiar o contador por calquera das causas que autoriza este Regulamento.

11.- Pola negativa do abonado a modificar o emprazamento do aparato contador, para aqueles equipos de medida que se atopen instalados anteriormente á entrada en vigor deste Regulamento, e que o Servizo Municipal de Augas considere incorrecto o seu emprazamento.

12.- Cando o abonado mesture augas de outra procedencia e requirido polo Servizo Municipal de Augas para que anule esta anomalía, non a leve a efecto no prazo máximo de cinco días.

13.- Cando durante doce meses persista a imposibilidade de tomar lectura dentro do réxime normal establecido o efecto, por causas imputables o abonado, o Servizo Municipal de Augas, poderá suspender, transitoriamente, a subministración ata tanto o abonado acceda a modificar, o seu cargo e pola súa conta, a instalación do equipo de medida, de forma que non dificulte o acceso o mesmo para poder tomar a lectura.

14.- Por negligencia do abonado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificado por escrito do Servizo Municipal de Augas, transcorrese un prazo superior a dez días sen que a avaría fose solucionada.

#### Artigo 19.- Procedemento de suspensión.

Con excepción de casos de corte inmediato previsto neste Regulamento, o Servizo Municipal de Augas deberá dar conta o Organismo competente do Concello, que será quen de autorizar o corte, dando traslado de dito acordo ó abonado.

A suspensión da subministración de auga potable, salvo nos casos supostos de corte inmediato, non poderá realizarse en días festivos ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo administrativo e técnico de atención o público, a efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas de días en que se dan algunha destas circunstancias.

O restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, o seguinte día hábil a aquel no que se arranxasen as incidencias que orixinasen o corte da subministración.

A notificación do corte de subministración, incluirá, coma mínimo os seguintes puntos:

- Nome e apelidos e enderezo do abonado.
- Identificación da propiedade abastecida.
- Data e hora a partires da cal se producirá o corte
- Detalle da razón que orixina o corte
- Nome, enderezo, teléfono e horario do departamento do Servizo Municipal de Augas no que se poida arranxar as causas que orixinaron o corte.

O restablecemento da subministración farase polo Servizo Municipal de Augas, que poderá cobrar do abonado por esta operación, unha cantidade equivalente o importe da cota de contratación vixente, no momento do restablecemento, para un calibre igual o instalado.

En caso de corte por falla de pagamento, se no prazo de tres meses, contados dende a data de corte, non se realizou o pago por parte do abonado das cantidade pendentes, darase por terminado o contrato sen prexuízo dos dereitos do



Servizo Municipal de Augas á esixencia do pago da débeda pola vía executiva e o resarcimento dos danos e prexuízos os que houberse lugar.

#### **Artigo 20.- Rescisión do contrato.**

O contrato de subministración de auga potable quedará sen efecto sen prexuízo da execución anterior ou no das accións de suspensión de subministración, especificada no artigo 18 deste Regulamento, por calquera das causas seguintes:

- A petición do abonado.
- Por resolución da Xunta de Goberno Local, nos seguintes casos:
  - Por persistencia durante máis de tres meses en calquera das causas de suspensión de subministración reguladas neste Regulamento.
  - Por incumprimento dos termos e condicións do contrato.
  - Por utilización da subministración sen ser o titular contractual do mesmo.

A continuación da subministración despois de ser extinguido o contrato por calquera das causas referidas anteriormente, soamente poderán efectuarse mediante nova solicitude, subscripción de novo contrato e pago dos dereitos correspondentes.

#### **Capítulo IV**

#### **CONDICIÓNS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

#### **Artigo 21.- Carácter da subministración.**

En función do uso que se faga da auga potable, o carácter da subministración tipificarase en:

a. Usos domésticos da auga: os usos particulares que corresponden co uso da auga para beber, para sanitarios, para duchas, para cociña e comedor, para lavados de roupa e de vaixelas, para limpeza, para regas de parques e xardíns, para refrixeración e para acondicionamentos domiciliarios sen actividade industrial e mais con outros usos da auga que se poidan considerar consumos inherentes ou propios da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal.

b. Usos non domésticos da auga: os correspondentes ás actividades incluídas na Clasificación nacional de actividades económicas, aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, agás que se asimilen a usos domésticos. O cambio na consideración dun uso da auga como non doméstico ou asimilado a doméstico por razón do volume usado terá efectos a partir do ano natural seguinte a aquel no que o caudal utilizado acade ou resulte inferior ao límite de consumo establecido no parágrafo seguinte.

No caso de que o primeiro ano de uso ou consumo se inicie con posterioridade ao 1 de xaneiro, extrapolaranse os datos de uso ou consumo ao ano enteiro.

Asimílanse a usos domésticos os usos non domésticos da auga indicados no parágrafo anterior que usen un volume total de auga nun ano natural inferior aos 2.000 metros cúbicos, a non ser que da súa carga contaminante vertida resulte unha cota do canon da auga nesta modalidade superior nun 20% da resultante de o aplicar na modalidade de volume.

#### **Artigo 22.- Esixibilidade da subministración.**

A obriga por parte do Concello de contratar e subministrar de abastecemento de auga potable a domicilio ós habitantes do termo municipal será esixible unicamente cando na rúa, praza ou vía pública de que se trate exista condución ou canalización de auga potable, que permita efectuar as tomas e acometidas de maneira normal ou regular e se cumpran tódolos requisitos legais necesarios para a concesión da subministración.

Cando non exista a tubería da rede xeral e distribución non poderá esixirse a subministración de contratación municipal ata tanto aquela condución se atope instalada.

Tampouco poderá esixirse a subministración a aquelas zonas e inmobles nos que, por dificultades técnicas, non poda garantirse o servizo regular. Sen embargo, poderán contratarse subministracións facéndose constar esta circunstancia, quedando neste caso exonerado o concello da responsabilidade polas irregularidades que puideran producirse e sen que o abonado poida formular reclamación algunha por tal concepto.

#### **Artigo 23.- Continuidade no servizo.**

O servizo de abastecemento de auga potable será continuo, salvo estipulación contraria no contrato do abonado e nos casos en que, por forza maior e/ou para unha xusta distribución do servizo, se impuxesen restricións na subministración.

**Artigo 24.- Suspensións temporais e restricións do servizo.**

O servizo Municipal de Augas poderá suspender temporalmente o servizo cando sexa imprescindible para proceder ó mantemento, reparación ou mellora das instalacións o seu cargo.

Nos cortes previsibles e programados o Concello queda obrigado a dar publicidade de tales medidas a través dos medios de comunicación, ou calquera outro ó seu alcance que garanta a difusión da actuación.

Cando circunstancias de seca, escaseza de caudais de auga ou dificultades de tratamento o aconsellen, o Concello poderá impoñer restricións na subministración de servizo ós abonados.

O Concello deberá informar ós abonados das restricións e dar publicidade de tales medidas a través dos medios de comunicación ou calquera outro o seu alcance que garanta a información do corte.

**Artigo 25.- Reservas de auga.**

Sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, tódolos locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga potable represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens, e especialmente, nos almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais, deberán dispoñer de depósitos de reservas que aseguren unha autonomía de abastecemento acorde coas necesidades mínimas que deban cubrirese, e cando menos para un tempo non inferior a 24 horas.

Igualmente deberán dimensionar e establecer as súas reservas as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos, de forma que quede asegurado o seu abastecemento mínimo durante, cando menos, 24 horas.

A instalación destes depósitos de reserva farase de forma que garanta a renovación total da auga acumulada en curtos períodos de tempo.

Asemade, irán dotados da correspondente válvula anti retorno para evitar unha descarga accidental na rede de distribución xeral.

**Artigo 26.- Subministración para servizo contra incendios.**

As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dunha subministración de auga para este uso exclusivo e o cumprimento das condicións que este Regulamento prescribe para as instalacións destinadas ó abastecemento ordinario, de conformidade cos seguintes criterios:

1. Independencia das instalacións: As instalacións contra incendios serán independentes das destinadas a calquera outro fin, e delas non se poderá efectuar ningunha derivación para outro uso.

Queda prohibido tomar auga de calquera elemento destas instalacións, salvo no caso de incendio, sen a expresa autorización do Concello de Boiro.

Todo sistema que constituía a instalación contra incendio, alimentarase a través dunha acometida á rede pública de distribución independente a da subministración ordinaria.

Cando a normativa específica de incendios esixa unha presión na instalación interior do abonado que non sexa a que o Servizo Municipal de Augas garanta, será responsabilidade do abonado establecer e conservar os dispositivos de sobre elevación que lle permitan dar cumprimento á normativa antes citada.

2. Contratación da subministración: A conexión á rede pública de distribución dunha subministración contra incendios requirirá a formalización previa do contrato de subministración correspondente entre o concello e o abonado.

Estes contratos terán a mesma tramitación e carácter co da subministración ordinario e estarán, polo tanto, suxeitos ás mesmas prescricións regulamentarias que aqueles.

**Capítulo V****INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE****Artigo 27.- Rede de distribución.**

A “rede de distribución de auga potable” é o conxunto de tubaxe e tódolos seus elementos de manobra e control que conducen auga a presión, e da que se derivan as acometidas para os abonados.

**Artigo 28.- Arteria.**

A arteria será aquela tubaxe, e os seus elementos, da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida, sen que nela se poidan realizar acometidas.

**Artigo 29.- Conducións varias.**

Cualificaranse coma conducións varias as tubaxes da rede de distribución que descorren ó longo dunha vía pública ou non, e das que se derivan, no seu caso, as acometidas para subministracións, bocas de rego e tomas contra incendios.

**Artigo 30.- Acometida.**

Comprende o conxunto de tubaxes e outros elementos que unen as conducións viarias coa instalación interior do inmoble que se pretende abastecer, e pode compoñerse de:

- a) Disposición de toma: atópase colocada sobre a tubaxe da rede de distribución e abre o camiño da acometida.
- b) Ramais: é o tramo de tubaxe que une o dispositivo da toma coa chave de rexistro.
- c) Chave de rexistro: estará situada o final do ramal da acometida na vía pública e xunto o inmoble. Constitúe o elemento diferenciador entre o Servizo Municipal de Augas e o abonado, no que respecta á conservación e delimitación de responsabilidades.
- d) Cando sexa necesario realizar canalizacións mediante apertura de gabias, estas serán a conta do abonado, previa tramitación, se procede, da licenza municipal correspondente.

**Artigo 31.- Instalacións interiores.**

Entenderase por instalación interior de subministración de auga potable o conxunto de tubaxes e os seus elementos de control, manobras e seguridade, posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal de fluxo de auga.

**Capítulo VI****ACOMETIDAS A EDIFICACIÓNS DE VIVENDA PLURIFAMILIAR****Artigo 32.- Concesión das Acometidas.**

A concesión das acometidas para subministración de auga potable, corresponderá aprobalas o Concelleiro Delegado de Augas, estando supeditadas a que se cumpran as condicións de abastecemento que se establecen seguidamente:

- Que o inmoble a abastecer se atope situado na área de cobertura do servizo.
- Que o inmoble que se pretende abastecer conte coas instalacións interiores dispoñibles e adecuadas ás normas de aplicación.
- Que o inmoble a abastecer dispoña da acometida para vertidos de auga residuais e pluviais, ou teña resolto o sistema de evacuación das mesmas, dispoñendo, neste caso, das autorizacións precisas para elo.
- Que nas rúas, prazas ou zonas de carácter público que linden co inmoble, ou a que este teña fachadas, exista instaladas e en servizo conducións públicas da rede de distribución de auga potable.

**Artigo 33.- Características das acometidas.**

As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade dos materiais, coma a súa forma de execución no punto de conexión, serán determinadas polo Servizo Municipal de Augas, de acordo co establecido nas Normas Básicas para Instalacións, en base ó uso do inmoble a abastecer, consumos previsibles e condicións de presión.

**Artigo 34.- Tramitacións de solicitudes.**

As solicitudes de acometidas faranse polos peticionarios no departamento do Servizo Municipal de Augas, no impreso normalizado que logo se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Á solicitude deberá achegárselle, coma mínimo, a seguinte documentación:

- I. Memoria Técnica suscrita polo Técnico Autor do Proxecto das Obras de Edificación, ou no seu caso, das instalacións que se trate.(Fotocopia).
- II. Escritura de propiedade ou documento que acredite a dispoñibilidade do inmoble para a que se solicita a acometida. (Fotocopia).
- III. Licenza municipal de obras, ou informe favorable do Concello.(Fotocopia).
- IV. Boletín de instalador, visado pola Delegación Provincial do Organismo competente da Xunta de Galicia. (Orixinal).
- V. Número de conta bancaria (20 díxitos).
- VI. Plano de situación onde se detalle o lugar da obra a realizar.

Á vista dos datos que achegue o solicitante, das características do inmovible, e do estado das redes de distribución, o Concello comunicarlle ó peticionario, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a data de presentación da solicitude, a súa decisión de conceder ou denegar a acometida e, neste último caso, as causas da súa negación.

O solicitante disporá dun prazo de 15 días hábiles para formalizar os requirimentos formulados polo Concello, ou ben para presentar as alegacións que, no seu caso considera oportunas. Transcorrido ese prazo sen que se cumprimentase o regulamentado, entenderase decaída a solicitude, se máis obrigas para o Concello.

Aceptada a solicitude, o Servizo comunicará, no prazo máximo de 15 días hábiles, as circunstancias ás que se deberá axustar a acometida, así coma a condicións de concesión e execución.

#### **Artigo 35.- Execución e conservación.**

As acometidas para a subministración de auga, serán executadas polo Servizo Municipal de Augas, ou persoa autorizada polo concello, de conformidade o establecido neste Regulamento, debendo satisfacer os abonados os correspondentes dereitos de acometidas e gastos de materiais que se precisen para a súa instalación. O abonado poderá achegar os materiais precisos sempre e cando se cinxan ás características esixidas polo Servizo Municipal de Augas.

As obras de apertura e cierre de gabias en vía pública ou privada, así coma as rozas e perforacións de muros e pavimentos para o tendido da acometida, serán efectuados por conta do abonado e baixo a súa exclusiva responsabilidade, debendo proverse da oportuna licenza municipal.

Os traballos de reparación e substitución das acometidas deberán ser realizados igualmente polo Servizo Municipal de Augas, non podendo o propietario do inmovible cambiar ou modificar o retorno da situación da mesma, sen autorización expresa do Concello.

Serán de conta e cargo do abonado os gastos de reparación e substitución da instalación da subministración de auga dende o comezo da propiedade particular ata o final da súa instalación de distribución interior ou particular.

Serán de conta e cargo do Concello os gastos de conservación das acometidas dende a toma ata a chave de paso.

Os traballos e operacións de mellora nas acometidas realizadas a petición do abonado con aprobación do Concello, serán de conta e cargo do abonado.

En previsión dunha rotura da tubaxe de conexión da chave de rexistro coa instalación interior do abonado, toda a finca ou local disporá de desaugadoiros suficientes que permitan a libre evacuación da auga, cun caudal igual ó máximo que se poida subministrar pola acometida contratada, sen ocasionar danos materiais o edificio, produtos almacenados nel ou calquera elemento exterior. O Concello de Boiro declina toda a responsabilidade derivada do incumprimento deste precepto.

#### **Artigo 36.- Dereito de acometida e gastos de materiais.**

Os dereitos de cometidas son as compensacións que deberán satisfacer os solicitantes dunha acometida o Concello, para poder realizar a toma á rede xeral. As tarifas dos dereitos de acometidas virán determinadas nas Ordenanzas Fiscais.

Os gastos de materiais son os custes que deberá sufragar o solicitante para poder executar a acometida solicitada. Presupostaranse unha vez estudada o lugar da acometida e informaranse dos mesmos o abonado previo informe do persoal do Servizo Municipal de Augas.

O abonado poderá aportar os materiais que se necesitan sempre e cando se cinxan ás características esixidas polo Servizo Municipal de Augas.

Non se realizarán os traballos de acometida a rede xeral se non se realiza o pagamento oportuno.

#### **Artigo 37.- Construción de novas edificacións.**

Para poder iniciar a construción dunha nova edificación na que se prevea a necesidade de subministración de auga potable, será necesaria a aprobación polo Concello, previo informe do Servizo Municipal de Augas, das características que deberán cumprir as futuras acometidas de auga e instalacións de contadores ou ampliación da rede no seu caso.

#### **Artigo 38.- Subministración provisional de auga para obras.**

Esta clase de subministración terá carácter especial e transitorio, e efectuarase nas seguintes condicións:

I. Mediante a instalación do contador colocado o efecto, nun lugar apropiado, debidamente protexido, así apreciado a xuízo do Servizo Municipal de Augas.

II. O usuario satisfará a auga subministrada de conformidade coa tarifa establecida na Ordenanza Fiscal correspondente.

III. A subministración de auga cortarase cando se aprobe pola Xunta de Goberno Local a concesión da licenza de primeira ocupación ou se estime que o edificio se atope rematado. Este tipo de subministración non terá carácter de indefinido, non podendo servirse deste subministración as vivendas plurifamiliares sen previa autorización do Concello.

IV. Considerarase “defraudada” a utilización deste subministración para usos distintos o de “obras”, podendo o Servizo Municipal de Augas, con independencia da sanción que corresponda, proceder o corte da subministración e anulación do contrato.

V. O contrato realizarase a nome do promotor da obra e nunca a nome da empresa construtora.

VI. A concesión deste tipo de subministración leva aparelada a tramitación da correspondente solicitude establecida neste Regulamento.

## Capítulo VII

### INSTALACIÓNS INTERIORES

#### Artigo 39.- Condicións xerais.

A instalación interior para a subministración de auga potable será executada por instalador autorizado pola Xunta de Galicia, e axustarase a canto ó efecto prescribe a Norma Básica para Instalacións Interiores de subministración de auga ou no seu caso de incendios.

As actuacións relacionadas como prohibidas no artigo 10 deste Regulamento, realizadas por instalador autorizado, motivará a comunicación á Xunta de Galicia para o inicio do correspondente expediente sancionador, sen prexuízo das responsabilidades esixibles

A conservación e mantemento destas instalacións será por conta do titular ou titulares do contrato de subministración existentes en cada momento.

#### Artigo 40.- Facultade de inspección.

O Servizo Municipal de Augas por medio do seu persoal técnico e operarios especializados debidamente autorizados, poderán intervir, inspeccionar ou comprobar os traballos, materiais e operacións que se realicen na instalación particular do abonado.

A tal fin, o abonado deberá autorizar durante calquera hora diúrna a entrada do persoal antes mencionado, o lugar onde se atopen as instalacións.

O Concello de Boiro, a través do Servizo Municipal de Auga, poderá non autorizar a subministración de auga potable cando, no seu xuízo, as instalacións particulares do abonado non reúnan as debidas condicións para.

En todo caso, non incumbe ó Concello ningunha responsabilidade que puidera provocar o funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores.

#### Artigo 41.- Instalacións interiores inseguras.

Cando a xuízo do Servizo Municipal de Augas unha instalación particular existente non reúna as condicións necesarias de seguridade e aptitude para o fin ó que se destina, daráselle comunicación ó abonado para que a substitúa, modifique ou repare o antes posible, nun prazo máximo que se fixará segundo as circunstancias de cada caso.

Transcorrido o prazo concedido sen que o abonado cumprise o ordenado polo Concello e se a súa actitude poida ocasionar danos a terceiros, poderáselle suspender a subministración de auga ata tanto que a mencionada instalación particular reúna as debidas condicións de seguridade.

#### Artigo 42.- Modificación das instalacións interiores.

Os abonados do servizo de abastecemento de auga estarán obrigados a comunicar ó concello calquera modificación que realicen na disposición ou características das súas instalacións.

## Capítulo VIII

### EQUIPOS DE MEDIDA

#### Artigo 43.- Obrigatoriedade do uso.

Toda subministración de auga potable realizado polo Servizo Municipal de Augas deberá efectuarse a través dun contador para a medición dos volumes de auga subministrado.

No caso de subministración a inmobles colectivos, o control do consumo base da facturación poderá realizarse ben polo contador xeral ou por contadores divisionarios situados en baterías segundo as disposicións vixentes.

**Artigo 44.- Características técnicas dos aparatos de medida.**

Os aparatos de medida serán dun modelo oficialmente aprobado conforme o establecido na Orde de 28 de Decembro de 1.988 (BOE, de 6 de marzo de 1.989) polo que se regulan os contadores de auga fría, e as súas características técnicas ateranse o disposto na mesma Orde.

Será adquirido polo usuario en calquera comercio dedicado a venda dos mesmos e correrá pola súa conta a correcta instalación mediante a contratación dun instalador autorizado

**Artigo 45.- Situación dos contadores.**

Instalaranse xunto cas súas chaves de protección e manobra nun armario, homologado polo Servizo Municipal de Augas, exclusivamente destinado a este fin, emprazado na planta baixa do inmoble, xunto o portal da entrada ou encaixado no muro da fachada ou pechamento da propiedade que se pretende abastecer e, en calquera caso con acceso directo dende a vía pública.

Excepcionalmente, no caso debidamente xustificado, poderase instalar o contador único e as súas chaves de manobra nunha cámara baixo o nivel do solo, que terá acceso directo dende a rúa e situado o máis próximo posible á fachada ou peche da propiedade.

As baterías de contadores divisionarios, instalaranse nos locais ou armarios exclusivamente destinados a este fin, emprazados na planta baixa do inmoble, en zona de uso común, con acceso directo dende o portal de entrada. No caso de ter pechadura o armario onde se atopan os contadores, deberase entregar unha copia da chave conxuntamente cunha copia da chave do portal de entrada (edf. plurifamiliares) no Servizo Municipal de Augas para poder acceder á toma das lecturas. Este cuarto de contadores disporá de ventilación natural a través de reixas na porta e/ou parede. Se no cuarto se colocan dúas baterías fronte a fronte, entre ambas debe mediar unha separación mínima de 1.50m.

As baterías para a centralización de contadores responderán os tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados polo Organismo Competente da Administración Pública.

Na orixe de cada montante e o punto de conexión do mesmo coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención, que impida retornos de auga á rede xeral de distribución.

**Artigo 46.- Dimensionamento do contador.**

O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade do Servizo Municipal de Augas, que o realizará á vista da declaración de consumo que formule o abonado na súa solicitude de subministración, e de conformidade co establecido na Normas Básicas para Instalacións Interiores de Auga.

**Artigo 47.- Verificación e precintado.**

O aparato contador que será instalado polo abonado, deberá estar verificado obrigatoriamente e poderá ser comprobado e precintado polo Servizo Municipal de Augas con anterioridade a súa instalación.

Será obriga do abonado, a custodia do contador ou aparato de medida, así como a súa conservación e mantelo en perfecto estado, sendo extensible esta obriga, tanto ós precintos do contador como ás etiquetas identificativas. A responsabilidade que se derive do incumprimento de esta obriga recaerá directamente sobre o abonado titular da subministración.

**Artigo 48.- Colocación e retirada de contadores.**

A colocación e a retirada do aparato contador, cando sexa necesario, efectuarase sempre por instalador autorizado e sempre coa autorización do concello, correndo a conta do abonado os gastos que supoñan estas manobras.

Os contadores poderán retirarse por calquera das seguintes causas:

- Por extinción do contrato de subministración
- Por avaría do aparato de medida
- Por renovación periódica.
- Por alteración do réxime de consumos, na medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparato instalado.

Será necesaria a substitución do contador por outro en perfectas condicións no caso de que se detecte, ben por parte do abonado ou do persoal do concello, calquera avaría ou parada.

O cambio do equipo de medida será realizado por instalador autorizado, tendo a obriga o abonado de presentar nas oficinas do Servizo de Augas un orixinal do boletín de instalación visado polo organismo competente.

**Artigo 49.- Ámbito de emprazamento.**

Calquera modificación de emprazamento do contador ou aparato de medida, dentro do recinto propiedade a cuxa subministración se atope adscrito, sempre será a cargo do abonado. Tamén irán a conta do abonado os cambios de emprazamento polo seguintes motivos.

- Por obras de reformas efectuadas polo abonado con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.
- Cando a instalación ou localización do contador non responda ás esixencias deste Regulamento e se produza un cambio de titularidade da subministración.

**Artigo 50.- Manipulación do contador.**

O abonado ou usuario nunca poderá manipular o contador ou aparato de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes do equipo de medida.

**Capítulo IX****LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓNS****Artigo 51.- Lectura de contadores.**

A lectura de contadores que servirá para establecer os consumos efectuados polos abonados realizarase bimestralmente polos empregados do Servizo Municipal de Augas.

A toma da lectura será realizada en horas hábiles ou de normal relación co exterior, polo persoal autorizado expresamente polo concello, provisto da súa correspondente identificación.

En ningún caso, o abonado poderá impoñer a obriga de tomar lectura fóra do horario que teña establecido o Servizo de Augas.

Aqueles locais, que teñan horario de noite (pubs, discotecas, etc.) deberán establecer un horario de toma de lecturas co persoal do servizo ou ben facilitarlle na folia de lectura o consumo do equipo de medida e entregala nas oficinas correspondentes.

No caso de ausencia do abonado no seu domicilio, o lector deixará unha folia de lectura que, ademais de deixar constancia da súa presenza no domicilio do abonado, permitiralle a este anotar na mesma a lectura do contador e achegala ás oficinas do Servizo de Augas, ós efectos da facturación do consumo rexistrado.

Cando pese ó anteriormente indicado non se obtivese a lectura do contador do consumo durante o período que corresponda, determinarase de acordo co indicado no artigo seguinte.

**Artigo 52.-Cálculo da subministración.**

Coma norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado concretarase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, coma consecuencia de avaría no equipo de medida, ausencia do abonado no momento no que se intentou tomar lectura, ou por causas imputables ó concello, a facturación do consumo efectuarase con arranxo ó consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior. De non existir, liquidaranse as facturacións con arranxo á media aritmética dos seis meses anteriores.

Naqueles casos nos que non existan datos históricos para poder obter a media á que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinarase en base á media que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampouco esto fose posible, fixarase un consumo equivalente á capacidade nominal do contador por 45 horas de utilización mensual.

Os consumos así estimados, terán o carácter de firmes no suposto de avaría no contador, e a conta doutros consumos, nos que, unha vez obtida a lectura real, se normalizará a situación, por exceso ou por defecto, nas facturacións dos seguintes períodos a teor da lectura practicada en cada un deles.

**Artigo 53.- Facturación.**

As cantidades a facturar pola prestación do servizo calcularanse aplicando as tarifas vixentes ós consumos rexistrados nas lecturas.

**Artigo 54.-Recibos.**

Os recibos dos importes do servizo prestados liquidaranse trimestralmente, previa aprobación do Padrón Fiscal pola Xunta de Goberno Local, incluíndose as taxas de Recollida de Lixo e de Sumidoiro e os impostos, taxas e ou cánones que poidan corresponder.

Por cada abonado emitírase un recibo, que deberá conter cando menos os seguintes conceptos:

- Enderezo obxecto da subministración
- Enderezo de notificación, se é distinto e figura coma tal no contrato.
- Indicación dos consumos e número de contador.
- Indicación diferenciada dos conceptos que se facturen.
- Importe dos impostos que se repercuten.
- Importe total dos conceptos abonados.
- Período o que pertence o recibo.
- Datas de pagamento en período voluntario.
- CIF ou NIF e Apelidos e nome ou razón social do abonado.

## Capítulo X

### FRAUDES, SANCIÓN, RESPONSABLES DAS INFRACCIÓN E LIQUIDACIÓN DE SALDOS

#### Artigo 55.- Fraudes, infracción e sanción na subministración de auga potable.

1. Tipifícanse como infraccións graves ó previsto neste regulamento as seguintes:

- 1) Utilizar auga do servizo sen ter subscrito o contrato de subministración.
- 2) Executar acometidas sen ter cumprido os requisitos previstos neste regulamento.
- 3) Falsear a declaración induciendo ó Servizo a facturar menor cantidade que a que lle corresponda pola subministración real.
- 4) Modificar ou ampliar os usos o que se destine a auga potable, especificados no contrato de subministración.
- 5) Levantar os contadores instalados sen autorización do concello; romper os precintos, o cristal ou a esfera dos mesmos; desnivelalos, interrompelos ou paralos e, en xeral, toda a acción que tenda a alterar a indicación destes aparatos e a prexudicar, polo tanto, os intereses municipais.
- 6) Establecer ramais, derivacións e enxertos que poidan traer consigo o uso fraudulento da auga potable polos interesados ou terceiros.
- 7) Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sen previa autorización.
- 8) Revender a auga potable obtida polo contrato de subministración co Servizo, ou subministrar auga ás vivendas que carezan do servizo aínda que non constitúa revenda.
- 9) A resistencia ou negativa á acción inspectora dos servizos municipais.
- 10) A realización de consumos na rede de incendios para outro fin distinto de este.

2. Serán infraccións leves calquera outra vulneración das determinacións deste regulamento non prevista como grave.

3. As infraccións anteriores poderán ser sancionadas coa imposición de multas económicas que poderán ir de 100,00 € ata 750,00 € no caso de infraccións leves; e de 751,00 € ata 1.500,00 € no caso de infraccións graves.

Será competente para a imposición destas sancións a Alcaldía, ou organismo ou concelleiro no que delegue.

Estas sancións imporanse sen prexuízo da adopción doutras medidas como a suspensión ou revogación do servizo, así como da liquidación dos saldos a que haxa lugar.

#### Artigo 56.- Actuación por anomalías.

Cando polo persoal do servizo se atopen derivacións nas redes con utilización de subministración sen convenio algún, e dicir, realizadas clandestinamente, dito servizo poderá efectuar o corte inmediato do servizo da subministración en tales derivacións.

Se ó realizar o persoal do concello a comprobación dunha denuncia por fraude se lle negara a entrada no domicilio do abonado, o Servizo Municipal de Augas estará autorizado para suspender a subministración de auga potable.

#### Artigo 57.- Liquidación de fraude.

O Servizo Municipal de Augas formulará a liquidación de fraude, considerando os seguintes casos:

- a) Que non existira contrato algún para a subministración de auga.
- b) Que, por calquera procedemento, fose manipulado ou alterado o rexistro do contador ou aparato de medida.



c) Que se realizasen derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.

d) Que se utilice a auga potable para uso distinto dos contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

O Servizo Municipal de Augas, practicarán a correspondente liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, segundo os casos seguintes:

– Caso 1º.- Formularase unha liquidación por fraude, que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de 3 horas diarias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de usos das instalacións citadas, e o momento no que se atope arranxada a existencia de fraude detectado, sen que poida estenderse en total a máis dun ano.

– Caso 2º.- Falseando as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase coma base da liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do nominal, computándose en tempo a considerar en tres horas diarias dende a data da última verificación oficial do contador sen que este tempo exceda do ano, descontándose os consumos que durante ese período de tempo fosen abonados polo autor do fraude.

– Caso 3º.- Se o fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato contador, liquidaráselle coma no caso 1º, de non existir contrato de subministración, e sen facerlle desconto pola auga medida polo contador.

– Caso 4º.- Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada na forma indebida, practicarase a favor do Servizo Municipal de Augas, aplicando o consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período correspondese o uso real que se lle está dando a auga, e as que, en dito período víñanse aplicando o uso contratado.

Dito período non poderá ser computado en máis dun ano.

En tódolos casos, o importe do fraude deducido con arranxo ós preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estarán suxeitos ós impostos, taxas e cánones que lle foran repercutibles.

As liquidacións que formule o concello seranlle notificadas ós interesados.

As impugnacións das liquidacións aprobadas non paralizarán o seu pagamento. Non obstante, cando a reclamación se formule por disconformidade coa contía facturada polo Servizo, o abonado terá dereito a que non se lle cobre o exceso sobre a facturación inmediatamente anterior. Unha vez resolta a reclamación, o Servizo Municipal de Augas, en base á cantidade satisfeita polo abonado, realizará a correspondente liquidación.

Cando o fraude puidera revestir carácter de delito ou falta, sen prexuízo de aplicar a sanción administrativa que corresponda, darase conta do mesmo á xurisdición competente para que, no seu caso, esixa a responsabilidade criminal a que houbese lugar.

Asemade, calquera fraude detectado comunicarase de oficio por parte do Concello de Boiro á Administración Hidráulica de Galicia (Augas de Galicia) para, se o considera oportuno, abrir o correspondente expediente sancionador.

#### **Artigo 58.- Responsables das infraccións.**

Serán obrigados tributarios responsables, todas persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, segundo recolle o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Coa entrada en vigor deste Regulamento aqueles contadores xa instalados, e que a criterio do concello se considere que a súa localización é incorrecta, deberán emprazarse nun novo lugar que faciliten a súa lectura e sempre con acceso directo dende a vía pública.

O novo emprazamento do aparato contador deberá realizarse nun prazo máximo de 3 meses desde que o interesado sexa requirido polo concello. Unha vez feita a modificación daráselle conta do feito ó concello.

No caso de que o aparato instalado sexa novo, deberá entregarse no concello unha copia do boletín de instalación.

No caso de non atender o requirimento de novo emprazamento estarase ó disposto no Artigo 18.11 deste Regulamento.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, unha vez publicado o seu texto no BOP e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.

**ANEXO: MODELO DE CONTRATO**  
**CONTRATO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE NÚMERO:**

--

ENDEREZO DA SUBMINISTRACIÓN:	
NÚMERO DE CONTADOR:	

D./Dña _____ con DNI _____,	
con enderezo a efectos de notificacións na localidade de _____,	
C.P. _____, na rúa _____, n.º _____, Ptal _____,	
Esc. _____, Andar _____, con n.º de teléfono _____, actuando en nome propio / ou en representación de _____	
_____, con CIF _____, e enderezo fiscal en _____, C.P. _____, como acreditado mediante copia de escritura de propiedade, contrata co	
Concello de Boiro, que actúa representado polo Concelleiro Delegado de Augas, a subministración de auga potable, que se rexerá polas cláusulas seguintes:	

Pago da taxa pola acometida ou dereitos de enganche. Mediante ingreso na conta bancaria de titularidade municipal 2080-5160- (Novagalicia Banco)	
(Marcar o que proceda)	
..... € (Acometida)	
.....€ (Dereitos de enganche de auga e sumidoiro)	
(Gastos materiais a instalar polo servizo de auga)	

PRIMEIRA. Clase da subministración: A auga subministrada será para o uso (marcar o uso contratado).....	
SEGUNDA. Identificación do inmovible subministrado: O presente contrato correspóndese ca subministración para o inmovible sito na rúa _____, tratándose de (marcar o que proceda):	
Vivenda	
Industria (descrición):	m2 do local:
Comercio (descrición):	m2 do local:
Execución de obras:	
Outros:	
TERCEIRA. Duración do contrato: A subministración o que se refire este contrato terá unha duración de (marcar o que proceda): (Indefinido, Execución de obras, Temporal, por prazo de _____ meses e días.)	
CUARTA. Documentación aportada: O solicitante da subministración aportou a seguinte documentación, (marcar o que proceda):	
N.º de conta bancaria ( 20 díxitos)	
Boletín de Instalador, visado pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia (ORIXINAL).	
Escritura de propiedade ou contrato de compravenda (FOTOCOPIA).	
Contrato de arrendamento (FOTOCOPIA).	
Licenza de primeira ocupación (FOTOCOPIA).	
Xustificante de atoparse en trámite a Licenza de apertura, no seu caso (FOTOCOPIA).	
Licenza Municipal de Obras, no seu caso (FOTOCOPIA).	
Nota: no caso de non dispoñer de Licenza de Primeira ocupación por antigüidade do inmovible, aportar informe municipal que así o acredite .	
QUINTA. Extinción da subministración: A subministración contratada extinguirase por calquera das causas previstas no Regulamento municipal polo que se rexe este servizo.	
SEXTA. Propiedade das instalacións:	
1.º) As redes de distribución, arterias, conducións varias e acometidas, serán de propiedade municipal, sendo da súa conta o mantemento e reposición, no seu caso, unha vez recibidas definitivamente, e sen prexuízo de proceder a imposición de contribucións especiais, de conformidade coa LRFL.	
2.º) Serán de propiedade particular as instalacións interiores situadas a partires da chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo da auga, sendo de conta do abonado a súa conservación e mantemento.	
3.º) O contador instalado para o presente subministro será de propiedade particular, non podendo o aboado manipulalo nin conectar tomas ou facer derivacións antes do aparato, baixo sanción de extinción da subministración.	
SETIMA. Suspensión temporal da subministración: Procederá a suspensión temporal da subministración de auga potable, sen dereito a indemnización do abonado, cando fose imprescindible para proceder ó mantemento, reparación ou mellora das instalacións da rede.	
OCTAVA. Pago das facturacións: O aboado realizará o pagamento das facturacións de acordo co previsto na Ordenanza fiscal de aplicación.	
NOVENA. Normativa complementaria: No que non figure previsto no presente contrato, será de aplicación o Regulamento de Servizo de Subministro de Auga, as Ordenanzas Fiscais reguladoras da Taxa pola subministración de auga, e calquera outra normativa complementaria.	

E así o asinan e conveñen nesta data, na que o contrato comeza a súa vixencia, en Boiro, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, de 20.....

Polo Concello de Boiro,

O Abonado,

Asdo. :

Asdo.:

INFORME SERVIZO DE AUGAS:	O fontaneiro municipal do Concello de Boiro informa que as instalacións as que se refire o presente contrato executáronse correctamente, podendo aprobarse a contratación solicitada. Boiro, de _____ de 20..... O fontaneiro municipal, Asdo.:
---------------------------	--

Boiro, 2 de xullo de 2013

O alcalde-Presidente

Juan José Dieste Ortigueira

2013/8923